



## Pasos para a interpretación dun electrocardiograma:

1. Ritmo cardíaco: baséase en medir a distancia dun intervalo R con respecto ao seguinte intervalo R. Se o ritmo é regular, a distancia é similar dun latexo ao outro.
2. Cálculo da frecuencia cardíaca.
  - a. Emplearemos o método 300, que se basea en que, nun electrocardiograma normal, por cada segundo hai 5 cadros grandes e, polo tanto, nun minuto haberá 300 cadros grandes.
    - i. Ritmo regular: contamos o número de cadros grandes entre dúas ondas R consecutivas e dividimos 300 entre ese número.



Frecuencia cardíaca =  $300/4$  cadros grandes = 75 lpm (lpm= latexos por minuto)

- ii. Se a segunda onda R non coincide exactamente na liña dun cadrado grande: dividimos entre 300, pero sumamos ao número de cadros grandes 0.2 por cada cadrado pequeno. Por exemplo, neste caso hai 4 cadros grandes e 3 pequenos, entón serían  $4+0.2+0.2+0.2$  :



Frecuencia cardíaca =  $300/4.6 = 65$  lpm

- iii. Ritmo irregular: normalmente os electrocardiogramas rexistran 10 segundos, polo que soamente temos que contar todos os QRS e multiplicalos por 6. Se non mide 10 segundos, ou non sabemos o que mide, contamos 30 cadrados grandes (equivale a 6 segundos), multiplicamos o número de QRS por 10 e xa teríamos a frecuencia cardíaca aproximada.



Frecuencia cardíaca =  $20$  complexos QRS x  $6 = 120$  lpm

**Actividade:** para cada un dos electrocardiogramas seguintes debes contestar os seguintes puntos. Facédeo por cada un dos electrocardiogramas, non mesturedes datos.

- Ritmo cardíaco
- Frecuencia cardíaca: coméntala e calculala.
- Posible diagnóstico:
  - Fibrilación ventricular: o ritmo ventricular é rápido (maior de 250lpm). Aparecen ondulacións irregulares no electrocardiograma e non se diferencian ondas T nin complexos QRS.
  - Taquicardia: a frecuencia é maior de 100 lpm e o resto de parámetros do electrocardiograma son normais. Normalmente non vai asociada á unha afección cardiolóxica, senón que aparece en persoas sans coa actividade física. Pode aparecer tamén como unha patoloxía secundaria en enfermidades que requiran maior consumo de osíxeno do organismo (infeccións, infarto, etc)
  - Bradicardia: o electrocardiograma cumpre todas as características consideradas normais pero a frecuencia cardíaca é menor de 60 lpm. É frecuente en deportistas e pacientes con tratamentos con fármacos que ralentizan a frecuencia cardíaca.

